

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de marzo de 2021**

Ás 17.00 horas do día 17 de marzo de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339593> remitido coa convocatoria), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de febreiro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 17 de febreiro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A POSICIÓN EN CONTRA DA REFORMA DA LEI DE SAÚDE DE GALICIA.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado do Grupo Socialista toma a palabra para dar lectura e explicar a iniciativa política contida na súa moción, a cal conclúe coa proposta de instar ao goberno da Xunta de Galicia a iniciar unha reforma da Lei de saúde de Galicia en consenso con todas as forzas políticas con representación parlamentaria, axentes sociais, sociedades científicas, representantes das administracións locais e do ámbito xurídico galego, reforma que se orientará a mellorar, de ser necesario, aspectos que poidan contribuír a optimizar o sistema legal de protección da saúde pública, pero sen implantar medidas restritivas de liberdades e dereitos fundamentais e baseándose en valoracións sanitarias nos aspectos que sexa preciso.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, manifesta que está a estudar o contido da moción proposta, manifestando reserva do seu voto para a sesión plenaria.

D. Bernardo Varela López, do BNG, toma a palabra para indicar que en principio van apoiar as propostas de acordo contidas na moción. Sinala que o goberno da Xunta de Galicia trasladou o que debería ser un problema sanitario a un problema case que de orde público. Engade que o sistema sanitario galego precisa de moitas melloras, destacando entre elas a da loita contra a precariedade laboral dos profesionais sanitarios. Para rematar indica que esta Lei promovida polo goberno da Xunta de Galicia está incluso pendente dun ditame do Consejo de Estado pola súa posible inconstitucionalidade nalgunha das súas previsións.

D. José Miguel Caride Domínguez, de Democracia Ourensana, manifesta a reserva de voto do seu grupo para o pleno.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, manifesta igualmente a reserva de voto do seu grupo para o pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a iniciar unha reforma da Lei de saúde de Galicia en consenso con todas as forzas políticas con representación parlamentaria, axentes sociais, sociedades científicas, representantes das administracións locais e do ámbito xurídico galego. Esta reforma estará orientada a mellorar, de ser necesario, aspectos que poidan contribuír a optimizar o sistema legal de protección da saúde pública, pero sen implantar medidas restritivas de liberdades e dereitos fundamentais e baseándose en valoracións sanitarias nos aspectos que sexa preciso.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA INCLUÍR ÁS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA NA ESTRATEXIA DA DEPUTACIÓN SOBRE FONDOS EUROPEOS “NEXT GENERATION”

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, toma a palabra para dar lectura e explicar a iniciativa política contida na súa moción, a cal conclúe coa proposta de instar á Deputación Provincial de Ourense á creación dun grupo de traballo, á maior brevidade posible, do que formen parte os alcaldes, alcaldesas ou representantes designados por todos os municipios da provincia e pola Entidade Local Menor de Berán, co fin de establecer un sistema para trasladar iniciativas e proxectos susceptibles de ser financiadas con fondos do instrumento temporal de recuperación da Unión Europea Next GenerationEU.

D.^a Monteserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, intervéñ para indicar que existen dous erros na exposición de motivos da moción do Grupo Socialista, xa que ela, Montserrat Lama, nin forma parte do grupo de goberno nin do comité multidisciplinar que se cita no corpo da moción. Sobre o fondo da moción indica que procederá ao seu estudo para pronunciarse no pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que o fondo dos acordos da moción teñen moita importancia, se ben tamén se lle debora lembrar ao goberno do Estado o pouco papel que lles

deu ás EELL nestes instrumentos. Engade non ter moi claro que unha comisión como a que se propón na moción sexa o máis acaído e que sexa áxil e operativo. Entende que quizás dese mellor resultado formular unha proposta conxunta, especialmente por todos os concellos de tamaño pequeno ou mediano, onde se plasmen as súas necesidades. Indica que reserva o seu voto para o pleno.

D. José Miguel Caride Domínguez, de Democracia Ourensana, manifesta reserva de voto para o pleno.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, indica que están de acordo con algunhas das manifestacións da moción pero non con outras, razón pola que reservan o seu voto para pronunciarse no pleno.

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Instar á Deputación Provincial de Ourense á creación dun grupo de traballo, á maior brevidade posible, do que formen parte os alcaldes, alcaldesas ou representantes designados por todos os municipios da provincial e pola Entidade Local Menor de Berán, co fin de establecer un sistema para trasladar iniciativas e proxectos susceptibles de ser financiadas con fondos do instrumento temporal de recuperación da Unión Europea Next GenerationEU.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, pregunta se a vindeira sesión plenaria se vai realizar polo sistema telemático ou presencial, retomando que se tomen as sesións presenciais canto antes.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, indica que en principio este mes se manterá a sesión telemática, esperando que no vindeiro mes se poida retomar a actividade presencial se as circunstancias o permiten.

D. Bernardo Varela López, do BNG, volve insistir nunha pregunta formulada na comisión informativa do mes de xaneiro, onde solicitaban acceso ao expediente de contratación de MEISA, e se lle respondera que se trasladaba a petición ao Consello de administración da dita sociedade. Insiste na súa petición ao non ter obtido aínda resposta.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, indica que se reiterará a súa petición á referida sociedade.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.